



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

CONSULTA PÚBLICA PREVIA A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, substanciárase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- 1.Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- 2.A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- 3.Os obxectivos da norma.
- 4.As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

1. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

O concello de Sada ten establecido a regulación da taxa no artigo 4 pto 2 da ordenanza fiscal núm. 17 *reguladora da taxa por tendidos, entubados e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos nos postes para liñas, cables, roscas de ás, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, barras, básculas, aparellos para vendas automáticas ou outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre estes*, (suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal)

Ca delegación da xestión, inspección e recadación da dita taxa na Deputación Provincial da Coruña, este organismo recomenda a regulación da mesma nunha ordenanza fiscal específica

2. A necesidade e oportunidade da súa aprobación

Necesidade de regular nunha ordenanza específica da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral recollendo as particularidades dos procedementos de xestión e recadación da Deputación provincial, para o exercicio das competencias delegadas.

3. Os obxectivos da norma

O obxecto da presente ordenanza é a mellora na eficiencia na xestión e recadación por parte da Deputación provincial da Coruña respecto a taxa por pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

4. As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non se atopan outras solucións alternativas adecuadas para tal finalidade que non sexa a aprobación da Ordenanza Fiscal.